



## ACTA NUM 17/2020

### SESION ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACION

Salón de Plenos do Concello de Cee, venres 30 de outubro 2020.

Sendo as 20.05 h, baixo a presidencia da Sra Alcaldesa, reúnen-se os concelleiros/as indicados, coa asistencia da Sra Interventora e Secretaria municipais, co fin de celebrar sesión plenaria ordinaria, en primeira convocatoria.

Asisten:

Dna Margarita Lamela Louza, Alcaldesa-Presidenta

Concellerios/as:

PSOE:

D Rubén Villar Agulleiro

D Juan Manuel Buiturón Carballo

Dna Emilia M<sup>a</sup> Trillo Lojo

PP:

Dna Águeda M<sup>a</sup> Díaz Mejuto

Dna M<sup>a</sup> Victoria Areas Pose

IxCee:

D Ramón Vigo Sambade

Dna M<sup>a</sup> Pilar Iglesias Lema

Dna M<sup>a</sup> Del Carmen Díaz Freire

BNG:

D Serxio Domínguez Louro

D César Pérez Martínez

Grupo Mixto:

D Juan Ramón Hermida Fandiño.

Interventora: Dna Rosa M<sup>a</sup> Fernández Canosa

Secretaria en acum, Rosana García Fernandez.

Excusa a súa asistencia D Antonio Domínguez García (PP)



Constando quórum suficiente, a Sra Alcaldesa declara iniciada a sesión, pasando a examinar os asuntos da ORDE DO DIA:

## A) PARTE RESOLUTIVA

### **1.- Aprobación ope legis, das actas das sesión anteriores ( no seu caso decisión sobre observacións formuladas respecto de erros materiais ou de feito, art 91.1 R.D.2568/1986), que se detallan:**

- I. Borrador da acta da sesión celebrada o 25 de setembro de 2020.
- II. Borrador da acta da sesión celebrada o 29 de setembro de 2020.

Sen producirse alegacións, ambos borradores quedan aprobados por unanimidade dos/as presentes.

## DA COMISION INFORMATIVA DE DESENVOLVEMENTO RURAL E OBRAS PÚBLICAS

### **2. Proposta de alcaldía de aprobación do Convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Cee para a nova estación depuradora de augas residuais de Cee-Corcubión (A Coruña).**

A Secretaria manifesta que a proposta recollida a continuación, quedou favorablemente ditaminada na sesión informativa de obras publicas e desenvolvemento rural de 26 de outubro.

*"PROPOSTA DE ALCALDIA SOBRE CONVENIO DE COLABORACION CON AUGAS DE GALICIA PARA A NOVA ESTACION DEPURADORA DE AUGAS RESIDUAIS CEE-CORCUBION.*

*Contar cunha nova estación depuradora de augas residuais é unha necesidade neste Concello, sendo ademáis o saneamento unha das competencias que a Lei 7/85 atribúe aos concellos.*

*Coa finalidade de lograr a implicación da Xunta en facer posible a nova depuradora, leváronse a cabo diversas conversacións, froito das cales é o convenio que hoxe se somete a consideración do Pleno.*

*Trátase dun convenio de colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Cee, polo que aquel organismo comprométese a aportar a este fin unha cantidade de 318719.61€, en dúas anualidades.*

*O Concello tería que aportar 21995.47€, custo dos terreos que se compromete a adquirir, e poner a disposición de Augas de Galicia antes de comezar as obras. Existe consignación orzamentaria para adquisición mencionada.*

*A contratación das obras de execución sería realizada por Augas de Galicia, así como a redacción do proxecto.*

*Proponse a aprobación do Convenio mencionado e proponse asemesmo facultar á Alcaldía para as actuacións que en desenvolvemento e execución deste Convenio sexa preciso levar a cabo."*

A Sra Alcaldesa explica brevemente o contido do Contido do Convenio, os compromisos de Augas de Galicia e os asumidos polo Concello.

Intervencións:



D Serxio Dguez, manifesta: “Queremos saber como vai o proceso de adquisición ou expropiación dos terreos porque parece que non vai tan rápido como parecía ao principio. Non vamos a opoñernos a isto pero queremos dicir que dende o principio da lexislatura non se falou nada disto e agora hai que facelo porque, como vostede sabe, o 2020 non é un ano normal e levamos dúas reunións da Mancomunidade cando teñen que ser bimestrais. A última foi en xuño e non a houbo nin en setembro nin en outubro e é hora de que este pleno trate o tema da depuradora. Fai unha semana recibimos membros da Mancomunidade, un informe da empresa auditora sobre a instalación e di, en resume, entre outras cousas:

- As mostras de auga non cumpren parámetros,
- 13 días despois de renovar contrato coa empresa, mellorou as condicións da auga
- 8 das nove mostras non cumpren parámetros de coliformes.

Renóvase contrato en setembro e en outubro melloran as condicións, o que quere dicir que se non se renovase, sería un desastre.

Avisa a empresa auditora tamén de que se quere montar un desareador. Despois de moitos anos nos que a empresa explota a instalación, acórdase agora de que ten que haber un pozo de decantación previo.

Di tamén a auditoría, que de marzo a outubro non se retirou fango deshidratado e de outubro en adiante, si.

Os problemas que indica a auditora creo que veñen dados porque a empresa concesionaria non fixo o seu traballo, entre novembro de 2018 e decembro 2019.

Como se trataron todos eses fangos que non se deshidratan pese a estar os tanques casi cheos?. Pareceríame moi grave que non lles fixeran un tratamento adecuado.

Téngase en conta que unha persoa produce 30kg anuais de materia seca, se consideramos 500 persoas, serían casi 300 toneladas. Quero dicir con isto que o que non aparece, ten que aparecer. As depuradoras son de mantemento caro pero hai que darlles a importancia que teñen. Segundo o informe dende marzo 2019 a set 2019, desapareceron moitos kgs de fango e de contaminación.

Ao BNG xúrdenos dúbidas de que sexa precisa esa depuradora nova, votaremos igualmente a favor pero queremos por qué é precisa e qué técnicos o din porque ao mellor, a actual con algunha modificación ou arranxo e bo mantemento podería servir. Non vai a servir para nada unha nova depuradora se non somos conscientes de que é preciso un bo mantemento, saber onde vai cada tipo de auga, facer unha correcta separación das augas, etc. e isto fainos sospeitar que non vai ser así porque falan de tanque de tormentas e eso denota que o proxecto non ten intención clara de separación e augas. Fálase de 14 millóns de euros e con isto faise unha boa depuradora e levántase Cee (metafóricamente falando). Queremos saber en qué consiste o proxecto global. Convoque a Comisión de Urbanismo para que poidamos analizar o informe do que falo e que os técnicos poidan explicar o proxecto.”

A Sra Alcaldesa responde: “Non hai ningún inconveniente nunha comisión de urbanismo para estudar ese informe. En canto á obra, xa me preguntou noutros plenos se podía ver a documentación que hai na alcaldía, e díxelle que si, que cando queira. Non hai inconveniente en que cando veñan os técnicos da Xunta estea presente.”



Exp. 2020/G010/000017

Respecto á expropiación, é preciso ter un documento xustificativo da necesidade e urxencia e por iso este Convenio. Propuxéronme unha ubicación na zona do Fornelo pero tamén estaban os técnicos e querían saber se a finca era a máis adecuada e por iso hai que facer umhas catas e poder redactar o proxecto. Se o ven ben, iniciaremos o procedemento de expropiación.”

Sometido o asunto a votación, por unanimidade dos 12 membros que de feito o forman, o Pleno acorda :

Aprobar a Proposta de Alcaldía, e polo tanto o Convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Cee para a nova estación depuradora de Augas Residuais de Cee-Corcubión (A Coruña).

## DA COMISION INFORMATIVA DE ECONOMIA E FACENDA

### **3.- Proposta de alcaldía de aprobación inicial de modificación de crédito, transferencia 4/2020, para mantemento e conservacion de infraestruturas publicas. (exp 2020/T002/000025).**

A secretaria manifesta que á Proposta de Alcaldía ao respecto foi favorablemente ditaminada na Comisión informativa de facenda do 26 de outubro.

Intervencións:

Sra Alcaldesa: “Consta informe favorable da Comision e xa dixen nesta que vai para gastos de conservación de obras para antes de final de ano. Remitín email aos grupos da oposición e a elección das obras dependerá da urxencia, dos medios, etc”.

D Serxio Domínguez: “O martes remitirémolles obras que xa temos en mente.”

D Ramón Vigo: “Vamos a absternos porque entendemos que a maioría das obras son precisas pero non somos partícipes nesa relación de obras.”

Sometido a asunto a votación, o Pleno, coa abstención dos integrantes do grupo de IxCee (3) e os votos a favor do resto de integrantes do Pleno (9), acorda aprobar a seguinte Proposta /dictamen:

**“PROPOSTA ALCALDÍA.**

**ASUNTO:** *Transferencia de Crédito 4/2020 para mantemento e conservación de infraestruturas públicas.*

**EXPEDIENTE Nº:** 2020/T002/000025

*D. Margarita Lamela Louzán, alcaldesa do Concello de Cee, tras valorar a insuficiencia de crédito na aplicación orzamentaria relativa á mantemento e conservación de infraestruturas públicas, vistos os créditos dispoñibles nas aplicacións destinadas a gastos de persoal e ante a necesidade de realizar un gasto imputable á citada partida, PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACIÓN:*

**PRIMEIRO:** *Dotar a partida do crédito suficiente para sufragar a realización do gasto, mediante a correspondiente modificación orzamentaria, dentro do orzamento para o 2020 (baixo a modalidade de transferencia de crédito, minorándose as partidas incluídas na ficha anexa), por un importe de 120.000 €.*



*SEGUNDO: Este importe destinarase a facer fronte aos gastos que ocasionará a realización de obras de mantemento e conservación en distintas infraestruturas municipais.*

## FICHA DE TRANSFERENCIAS PROPOSTAS – EXPEDIENTE 04/2020

| <u>PARTIDA</u> | <u>IMPORTE</u>  | <u>PARTIDA</u> | <u>IMPORTE</u> |
|----------------|-----------------|----------------|----------------|
| <i>DISMUNC</i> | <i>DISMINUC</i> | <i>AUMENTO</i> | <i>AUMENTO</i> |
| 920/120.00     | 17.198,05€      | 150/212.00     | 17.198,05€     |
| 920/160.00     | 81.163,29€      | 150/212.00     | 81.163,29€     |
| 920/121.01     | 21.638,66€      | 150/212.00     | 21.638,66€     |
| TOTAL          |                 | 120.000€       |                |

*Alcaldesa do Concello de Cee.*

*Margarita Lamela Louzán.”*

### **4.- Proposta da Alcaldía de recoñecemento extraxudicial de crédito 3/2020 de facturas de exercicios anteriores.(Exp 2020/X999/000169).**

A Secretaria manifesta que a Proposta ao respecto deste punto foi ditaminada favorablemente na Comisión informativa de Facenda de 26 de outubro.

Ser xerarse debate, cos votos a favor do gm PSOE (4) e a abstención do resto dos integrantes, o Pleno acorda aprobar a Proposta/ditame:

**“PROPOSTA DA ALCALDÍA**

**ASUNTO: Aprobación REC 3/2020 de facturas de exercicios anteriores.**

**Expediente: 2020/X999/000169**

**Margarita Lamela Louzán, alcaldesa do Concello de Cee, considerando o expediente tramitado ao efecto propoño o Pleno da Corporación de acordo coas funcións que lle son atribuídas polas normas de réxime local:**

**A aprobación das facturas relacionadas no anexo por importe de 14.790,62 € correspondentes a gastos realizados no exercicios anteriores mediante a modalidade de recoñecemento extraxudicial de crédito de facturas que leva consigo o levantamento do reparo formulado pola Intervención Municipal.**

**Alcaldesa do Concello de Cee.**

**Margarita Lamela Louzán.”**

### **5. Proposta de alcaldía en relación coa solicitude de bonificación do 95% no ICIO, polas obras de instalación dun lavado de vehículos na parcela 19 do Parque Empresarial a instancia de**

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



**Santiago Marcos Fernández, en representación de Gasolinera As Pías SL (Exp 2020/X999/000167).**

A secretaria explica que a Proposta consta ditaminada favorablemente en Comisión informativa de Facenda do 26 de outubro.

Sen xerarse debate, o Pleno coa abstención dos dous integrantes do BNG, e os votos a favor do resto do Pleno, acorda aprobar a Proposta/ditame:

**“PROPOSTA DA ALCALDÍA**

**ASUNTO: BONIFICACIÓN DO ICIO POLAS OBRAS DE INSTALACIÓN DUN LAVADO DE VEHÍCULOS NA PARCELA 19 DO PARQUE EMPRESARIAL DE CEE.**

*Dª Margarita Lamela Louzán, alcaldesa do Concello de Cee,*

*Visto o escrito presentado por don Santiago Marcos Fernandez, con DNI 09.420.710W, actuando en nome e representación de Gasolinera As Pías, S.L. con CIF B70601489, no que solicita a bonificación do 95% no ICIO polas obras de Instalación dun lavado de vehículos na parcela 19 do Parque Empresarial de Cee, expediente urbanístico nº 2020/U022/000003.*

*Visto o informe da Tesoureira municipal, emitido con data 19/10/2020, no que sinala:*

*“[...] Visto que con data 25 de novembro do 2019 don Santiago Marcos Fernandez presenta comunicación ao Concello de cambio de titularidade de licenza pasando a nome de Gasolinera As Pías, S.L, e con data 20 de decembro do 2019 o Concello toma razón de dito cambio mediante resolución da Alcaldía numero 735/2019,*

*Visto que a Ordenanza fiscal, reguladora do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras, no artigo 6.- Base Impoñible, dí:*

*“...Sin perjuicio de lo anterior se establece el siguiente régimen de bonificaciones:*

*a) Las bonificaciones establecidas en este artículo son de naturaleza reglada y tienen carácter rogado debiendo ser solicitadas expresamente por el sujeto pasivo ante este Ayuntamiento en el mismo momento de adjuntar la documentación necesaria para la obtención de la correspondiente licencia.*

*b) Se establece la siguiente bonificación:*

*Construcción, instalación u obras necesarias para la la implantación de empresas en el Polígono Industrial de Cee que soliciten la licencia de construcción instalación u obra durante los ejercicios de 2020 y 2021: 95%.”*

*A vista do apartado b) da Ordenanza fiscal, esta Tesourería entende que NON procede aplicación de ningunha bonificación, dado que a empresa de Gasolinera As Pías, S.L. xa estaba implantada no Parque Empresarial con outra actividade dende o ano 2019 e a bonificación do ICIO, deberá aplicarse a implantación de novas empresas, polo que procede a emisión da liquidación sin bonificación algunha. [...]*

**En uso das facultades que me atribue a lexislación vixente, PROPOÑO ao PLENO DA CORPORACIÓN:**





Exp. 2020/G010/000017

1. *Desestimar a solicitude presentada por don Santiago Marcos Fernandez, actuando en nome e representación de Gasolinera As Pias, S.L. de bonificación do 95% do ICIO polas obras de instalación dun lavado de vehículos na parcela 19 do parque empresarial de Cee, debido a que a empresa de Gasolinera As Pias, S.L. xa estaba implantada no Parque Empresarial con outra actividade dende o ano 2019 e a bonificación do ICIO, deberá aplicarse a implantación de novas empresas durante os exercicios 2020 e 2021.*

2. *Proceder a emitir a liquidación do ICIO ao solicitante, correspondente ao expediente urbanístico nº 2020/U022/000003, sen bonificación algunha.*

Alcaldesa do Concello de Cee.

Margarita Lamela Louzán.”

## **6.- Proposta de Alcaldía relativa ao suplemento de crédito 2/2020 destino do superávit (IFS) (Exp 2020/T002/000021).**

A Secretaria manifesta que esta proposta foi ditaminada favorablemente na Comisión informativa correspondente do día 9 de setembro de 2020.

Intervencións:

A Sra Alcaldesa explica brevemente o contido da Proposta.

D Serxio Domínguez: “Votaremos a favor pero isto vai encaminado a aforro enerxético e se gobernásenos nós, iría destinado a outra cosa. Recomendamos que este punto debía de ir nun plan global, que englobase a elaboración dun censo real de luminarias do Concello e sobre todo, que se diferenciase entre os distintos tipos de farolas. Debería de haber un censo de farolas imprescindibles, outras que poderían apagarse por horas, e despois estarían as prescindibles ou que alumean p. ex, en propiedade privada. Incluso podería tratar de reciclarse as retiradas, etc.”

Sometido o asunto a votación, o Pleno por unanimidade dos seus compoñentes presentes, acorda aprobar a seguinte Proposta/ditame:

### **“PROPOSTA ALCALDÍA**

**ASUNTO:** SUPLEMENTO 2/2020: DESTINO DO SUPERÁVIT (IFS)

**EXPEDIENTE Nº** 2020/T002/000021

Margarita Lamela Louzán, alcaldesa do Concello de Cee, considerando a concesión de subvencións do IDAE, que se detallan, para a realización de proxectos de instalación eléctrica en distintos puntos de Cee que conleva unha aportación económica do Concello e que deben ser executadas durante a vixencia da subvención, e tendo en conta, que o orzamento do exercicio 2020 non contén créditos dispoñibles suficientes na vinculación xurídica para facer fronte a estes gastos.

“Rehabilitación enerxética de edificio administrativo de servizos municipais del ayuntamiento de Cee”.



|  |
|--|
| <i>"Proyecto de ahorro y eficiencia energética en los lugares de Gures y Ameixenda"</i>      |
| <i>"Proyecto de ahorro y eficiencia energética en los lugares de A Pontella y otros".</i>    |
| <i>"Proyecto de ahorro y eficiencia energética en los lugares de Estorde Norte y Otros"</i>  |
| <i>"Proyecto de ahorro y eficiencia energética en los lugares de Toba de Arriba y otros"</i> |

Resultando que, o devandito gasto non pode demorarse a exercicios posteriores, xa que ten a súa xustificación en se trata de gastos cuxa execución debe iniciarse improrrogablemente no presente exercicio para poder acudir as liñas de subvencións do IDAE

Visto o resultado da liquidación do orzamento municipal para 2019 e determinado o cumprimento dos requisitos da Disposición Adicional sexta da Lei Orgánica de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira.

Resultando que esta modificación orzamentaria autorizada polo RD 27/2020 de 4 de agosto, de medidas financeiras, de carácter extraordinario e urgente, aplicables ás entidades locais destinando o superávit a gastos de inversión financeiramente sostibles, polo que se incrementarían determinadas aplicacións orzamentarias.

Visto o informe emitido pola Sra Interventora Municipal en data 7 de setembro de 2020, en sentido favorable con salvedades.

A vista do exposto, **PROPOÑO** ao **PLENO** da Corporación, a adopción do seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.**- Aprobación inicial do Suplemento de Crédito Nº 2/2020-Destino Superávit- Expediente Nº 2020/T002/000021 conforme ó previsto no artigo 177 do RDL2/2004 e artigo 35 do Real Decreto 500/90 de 20 de Abril.

**SEGUNDO.**- Consecuencia de dito Suplemento de Crédito se incrementarían as seguintes aplicacións orzamentarias:

| APLICACIÓN ORZAMENTARIA | IMPORTE     | CONCEPTO  |
|-------------------------|-------------|---|
| 165/619.00              | 106.629,71€ | <i>"Rehabilitación energética de edificio administrativo de servicios municipales del ayuntamiento de Cee".</i> |
| 165/619.00              | 31.883,38€  | <i>"Proyecto de ahorro y eficiencia energética en los lugares de Gures y Ameixenda"</i>                         |
| 165/619.00              | 31.147,81€  | <i>"Proyecto de ahorro y eficiencia energética en los lugares de A Pontella y otros".</i>                       |
| 165/619.00              | 31.932,84€  | <i>"Proyecto de ahorro y eficiencia energética en los lugares de Estorde Norte y Otros"</i>                     |
| 165/619.00              | 33.754,64€  | <i>"Proyecto de ahorro y eficiencia energética en los lugares de</i>  |

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)





|              |                    |                               |
|--------------|--------------------|-------------------------------|
|              |                    | <i>Toba de Arriba y otros</i> |
| <b>TOTAL</b> | <b>235.348,38€</b> |                               |

**TERCEIRO.**-Aprobado inicialmente o expediente polo Pleno da Corporación, exporase ao público, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, por quince días, durante os que os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

**CUARTO.**- Entenderase definitivamente aprobado polo Pleno do Concello, de non existir reclamacións no prazo outorgado, logo da súa publicación definitiva. En caso de existir reclamacións, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Asinado dixitalmente ao marxe.

Alcaldesa do Concello de Cee.

Margarita Lamela Louzán."

DA COMISION INFORMATIVA DE PRESIDENCIA, BENESTAR SOCIAL, IGUALDADE E EMPREGO.

**7.-Proposta de Alcaldía relativa á designación de membros de Mesa de Contratación Plenaria. (Exp 2020/G012/000029).**

A Sra Alcaldesa da lectura á proposta neste punto. (Ditaminada a proposta favorablemente en comisión informativa de 29.9.2020)

Sometida a votación, o Pleno, coa abstención dos dous integrantes do grupo BNG e os votos a favor do resto, acorda aprobar a proposta/dictame:

*"Proposta da Alcaldía relativa á designación de membros da Mesa de Contratación Plenaria.*

*PRESIDENTA:*

*Alcaldesa do Concello ou membro deste en que delegue.*

*VOGAIS:*

*D. Ramón Vigo Sambade (VOGAIS SUPLENTES correlativamente D. Juan Ramón Hermida Fandiño e D. César Fernando Pérez Martínez).*

*O Arquitecto ou Arquitecto Técnico ou técnico que proceda en función da materia obxecto de contrato.*

*A Secretaria do Concello ou habilitado que legalmente a substitúa.*

*A Interventora do Concello ou habilitado que legalmente a substitúa*

*SECRETARIO: Don Jesús Roget Salgado ou funcionario en quen delegue."*



Exp. 2020/G010/000017

B) PARTE NON RESOLUTIVA, DE CONTROL E SEGUIMENTO DA XESTION DE ORGANOS DE GOBERNO.

**8.- Dar conta de Resolúcións de Alcaldía para coñecemento: Num 667/2020 do 21 de setembro, á num 829/2020 do 23 de outubro.**

O Pleno queda enterado.

**9.- Dar conta do envío ao MINHAP do informe de Tesourería e Intervención da morosidade do 3ª trimestre 2020 (Exp 2020/X999/000168).**

O Pleno queda enterado.

**10.- Dar conta do envío ao MINHAP do P.M.P (periodo medio de pagamento a provedores) do 3ª trimestre de 2020 (exp. 2020/X999/000168).**

O Pleno queda enterado.

**11.- Mocións de urxencia.**

O grupo municipal PP presenta para o seu tratamento por urxencia, Moción para instar ao goberno de España a aprobar de maneira urxente unha Lei que garanta o dereito constitucional á propiedade privada e combata eficazmente a ocupación ilegal de vivendas.

Por unanimidade, o Pleno acepta a urxencia da moción, pasándose ao estudio do seu fondo.

A voceira do PP procede á lectura da mesma, iniciándose a continuación o debate:

Intervencións:

D Ramón Vigo: "Votaremos a favor da moción porque plantexa un problema moi serio que hai neste momento, alimentado por algunhas formacións políticas que incluso forman parte do goberno da nación e que intentando defender un dereito constitucional á vivenda, se cargan outro como é a propiedade privada. Moitos deses propietarios non son grandes terratenentes, nin ricos, senon simples propietarios a quenelles ocupan a vivenda e a nosa lexislación non lles facilita o seu desaloxo nun tempo prudencial."

D Serxio Domínguez: "Creo que o PP trae esta moción con boa vontade pero o BNG ten dúbidas e así o término "ocupa" non ten nada que ver coa realidade. Os ocupas eran persoas que pelexaban a favor de que a xente teña un teito e que nada ten que ver coa realidade actual, magnificada polos medios de comunicación e algún partidos políticos. Parécenos un problema inflado para contentar a un tipo de votante."

A Sra Alcadesa: "Tamén nos absteremos, hai solución legais para resolver isto".

Sometida a votación, o Pleno coa abstención do gm PSOE (4) e BNG (2) e os votos a favor do resto (6) acorda aprobar a Moción a continuación recollida:

**"MOCIÓN QUE PRESENTA EL GRUPO POPULAR DE CEE PARA INSTAR AL GOBIERNO DE ESPAÑA A APROBAR DE MANERA URGENTE UNA LEY QUE GARANTICE EL DERECHO CONSTITUCIONAL A LA PROPIEDAD PRIVADA Y COMBATA EFICAZMENTE LA OCUPACIÓN ILEGAL DE VIVIENDAS.**

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



El Grupo Municipal Popular en el Concello de Cee, conforme a lo previsto en el Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales de Cee desea elevar al Pleno Municipal la siguiente Propuesta de Acuerdo/Moción:

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

La ocupación ilegal de viviendas, según los últimos datos publicados, ha crecido un 58% en los últimos cinco años pasando de 7.739 casos denunciados en 2013 a 12.214 en 2018.

Solamente entre los meses de enero y junio de 2020 se han registrado 7.450 denuncias por ocupación, un 5% más que en el mismo periodo del año pasado, según datos del Ministerio del Interior. De media, se producen 41 denuncias diarias por ocupación ilegal de inmuebles.

Los cálculos estiman que hay un mínimo de 87.000 viviendas ocupadas ilegalmente en España a las que habría que sumar aquellas cuya ocupación no se ha denunciado.

Estos datos nos muestran como la ocupación ilegal es un problema creciente en nuestro país que no solamente ataca el derecho a la vivienda y a la propiedad privada recogidos en la Constitución Española (artículos 47 y 33 respectivamente) sino que, además, altera gravemente la convivencia vecinal y pone en serio riesgo la seguridad e integridad de personas y bienes.

Esta alteración de la convivencia vecinal se produce por la proliferación de bandas organizadas que se dedican a ocupar inmuebles para alquilarlos de forma ilegal a personas o familias en situación de vulnerabilidad o para conseguir del legítimos propietario dinero a cambio de desalojar la vivienda usurpada ilegalmente.

En los últimos años, se han producido avances legislativos en la lucha contra la ocupación ilegal de viviendas como ocurrió en 2018 a través de la Ley 5/2018 que modificó la Ley 1/2000 de Enjuiciamiento Civil en relación a la ocupación ilegal de viviendas acortando plazos y agilizando procedimientos.

Pero es necesario, a la vista de las cifras anteriormente mencionadas, reforzar el ordenamiento jurídico para que los ocupas no puedan ampararse en ningún vacío legal y proteger y garantizar de manera contundente la propiedad privada, la convivencia y la seguridad jurídica además de luchar activamente contra las mafias que han hecho de la ocupación ilegal su negocio.

Para ello, el Grupo Parlamentario Popular en el Congreso de los Diputados ha presentado una Proposición de Ley Orgánica que, por un lado, refuerza el concepto de domicilio, pero ligado al del legítimo propietario, poseedor o titular de un derecho sobre la cosa inmueble, frente a quién ocupa sin título y sin tolerancia del primero.

Y, por otro lado, define por primera vez de manera inequívoca qué es la ocupación ilegal: "la tenencia o disfrute de cosa inmueble ajena, sin pago de renta o merced, ni razón de derecho, que no se encuentra amparada en la mera liberalidad o tolerancia del propietario o poseedor real".

Esta proposición de ley introduce medidas como que la autoridad pública o sus agentes podrán desalojar las viviendas ocupadas ilegalmente en un plazo de 12 horas sin necesidad de esperar meses; considera nula la inscripción en el Padrón municipal cuando la persona inscrita sea un ocupa ilegal; agiliza el proceso penal para juzgar este tipo de delincuencia y regula nuevas penas para



quienes fomenten la ocupación ilegal y si estas personas son responsables políticos incluye una inhabilitación de 15 años para ejercicio de cargo público.

Además, esta proposición de ley refuerza los medios de los que disponen las comunidades de propietarios para combatir la ocupación ilegal, y las negativas consecuencias que tiene para la convivencia y la seguridad de los vecinos, que podrán adoptar medidas preventivas tales como tapiar o cerrar puertas o ventanas.

Por lo expuesto, el Grupo Municipal Popular en el Concello de Cee, presenta la siguiente:

## PROPUESTA DE ACUERDO

1. Manifestar el firme compromiso del Concello de Cee, con la defensa del derecho a la propiedad privada y la lucha contra ocupación ilegal de viviendas.  
Un compromiso que es compatible con el apoyo y protección a aquellos vecinos y familias que se encuentran en situación de emergencia social, vulnerabilidad o exclusión social por motivo de vivienda.
2. Instar al Gobierno de España a aprobar de manera urgente una ley que garantice el derecho constitucional a la propiedad privada y combata eficazmente la ocupación ilegal de viviendas.
3. Apoyar las modificaciones legales y las medidas incluidas en la *Proposición de Ley Orgánica contra la ocupación ilegal y para la convivencia vecinal y la protección de la seguridad de las personas y cosas en las comunidades de propietarios* presentada por el Grupo Parlamentario Popular en el Congreso de los Diputados.

Dar traslado de este acuerdo al Ministro de Justicia y a la Presidenta y portavoces de los grupos políticos con representación en el Congreso de los Diputados.”

Seguidamente trátase a Moción sobre o conflito do concello de Cee co Arzobispado de Santiago, asinada polos integrantes do GmPP, IxCee, BNG e mixto.

A Sra Alcaldesa manifiesta: “Hai un procedemento aberto e non consideramos urxente esta moción xa que en menos de 15 días tratarase o asunto a Pleno.”

A Secretaria manifiesta que descoñece en profundidade o expediente referido e os acordos adoptados pero que debe terse coidado con que o contido da moción non resulte contradictorio con aqueles.

D Ramón Vigo explica que non o considera contradictorio senon complementario e na mesma línea manifestase o Sr Domínguez.

Aceptada a urxencia coa abstención do gm, PSOE, o Pleno entra no contido da moción.

Intervencións:

D Serxio Domínguez. “Sería bo falar co Arzobispado, ter unha reunión entre todas as partes para tratar de atar fíos e intentar sacar ao Arzobispado do erro que puido cometer.”

D Ramón Vigo: “No segundo pleno do día 29, tomamos unha decisión sobre este asunto contrario ao que primeiro habíamos tomado, entendendo que podería ser a menos perxudicial para o Concello. É chamativo que a Igrexa queira executar un aval que o único que lle implica é enfrentarse co Concello,

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



máis alá dos 150.000€ e esto non é o habitual cando se fala de relación entre institucións. Queremos ter unha constancia real de que pasa pois chámamos a atención ese ataque.”

Sra Alcaldesa: “Está iniciado un expediente de Revisión de oficio e a secretaria en pleno explicou os trámites. O Arzobispado di que dende 2004 se solicitaron renovacións do aval sobre a base de non poder negociar por enfrontamentos entre os partidos políticos municipias. En 2015 di que comunica ao Sr Alcalde que quere executar o aval e ante a petición do pleno o renova, de 2016 a 2018 igual e que en 2019 concede prazo de gracia. En setembro de 2019 requiro ao técnico municipal informe sobre os términos do convenio e en pleno de outubro de 2019 consta en acta que solicitei ese informe e hai unha intervención de D Antonio Domínguez dicindo que “os técnicos dixéronnos que esa modificación tería que ser no PXOM e ía a ser complicado”. Dende fai 17 anos ningún alcalde solicitou ningún informe e o Alcalde que firmou o Convenio xa coñecía os problemas do Convenio e aínda así asinou. Cando o técnico presenta informe é cando nos enteramos de que o contido do convenio é imposible e de aí a Revisión de Oficio recomendada por Secretaría. O mesmo día convoco Comisión de Urbanismo para o 21 de setembro e vostedes puideron facer toda clase de preguntas. O 25 houbo pleno e o 29 convoquei aos voceiros, despois da reunión co Arzobispado. Nesa reunión acórdase entre todos facer un pleno pola tarde de ese mesmo día 29.

Estamos ante un procedemento de Revisión de oficio dun convenio, cunha determinada tramitación que se indica no informe de secretaria. Estamos en período de alegacións e despois traerase a pleno e ao Consello consultivo de Galicia.

O Arzobispado executou o aval o 2 de outubro e o banco o abonou o 19 de outubro. Seguindo os trámites legais faremos pleno para adoptar a decisión que sexa. Non hai decisión unilateral dende a Alcaldía, só buscamos unha solución a un problema de fai moitos anos.

Ademais dos 153000€, o Arzobispado quere a indemnización do terreo que falta por recalificar e o abono do terreo do polideportivo. O quere todo.”

D Ramón Vigo: “Non dixeran que o Arzobispado nos regalase nada, barren para casa pero non entendo que o seu proceder sexa agora ser executores sen sentido. Non entendo como poden dicir que en 2004 os concelleiros non estaban de acordo cando había maioría absoluta.”

Sometida a moción a votación, o Pleno coa abstención dos integrantes do gm PSOE (4) e os votos a favor do resto (8), acorda aprobar a moción recollida a continuación:

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

*Nas últimas semanas vimos de ter debatido, longo e tendido, sobre o convenio asinado entre o Concello de Cee e o Arzobispado polos terreos do polideportivo de Brens. Desde a oposición puxemos de manifestar que non estábamos de acordo co proceder do goberno neste problema, principalmente por non ter cooptado con nós durante ese ano de “prórroga” que supostamente deu a igrexa a alcaldes para buscar unha solución axeitada. Seguimos a considerar que faltou información e diálogo coa oposición, como é costume por parte deste goberno, proba delo son os dous plenos convocados no último ano.*

*Mais a realidade, a día de hoxe, é que logo de “pasar polo aro” das intencións da alcaldesa, votando a favor da súa proposta de anular o convenio de forma unilateral, seguimos sen ter coñecemento de si o arzobispado executou ou non o aval de máis de cento cincuenta mil euros.*





Exp. 2020/G010/000017

*Por outra banda, e dada a importancia que ten a igrexa, por cuestión de fé, para una parte importante da poboación, e tendo en conta que esta sufraga sempre os traballos de mantemento e renovación dos templos, así comodas casas rectorales en uso, consideramos que a institución eclesiástica debe facer un cto de colaboración e solidariedade co concello de Cee, e polo tanto coa veciñanza, destacadamente coa parroquia de Brens.*

*Cómpre non esquecer ademáis, que inicialmente houbo unha compensación ao arzobispado ao modificar as normas subsidiarias, dándolle capacidade edificatoria a unha parte da finca orixinal, o que supón unha contraprestación clara polo terreo ocupado polo polideportivo.*

*Por todo isto, os grupos da oposición no concello de Cee, Partido popular, Independientes por Cee, Bloque Nacionalista Galego e Cidadáns, propoñen ao pleno a adopción do seguinte acordo:*

*. Instar ao Arzobispado de Santiago a non executar o devandito aval.*

*. De telo executado, devolver a cantidade íntegra ao concello de Cee.*

A continuación preséntase Moción polo BNG sobre REACTIVACION DA ASISTENCIA SANITARIA.

O Pleno ratifica a urxencia por unanimidade, pasando a estudar a moción.

Intervencións:

D Serxio Domínguez procede á lectura da Moción.

A voceira do gm PP, Sra Díaz Mejuto: “Non estamos de acordo ca exposición de motivos pois tamén dende a Xunta se traballa, pero votaremos a favor.”

D Ramón Vigo: “Estamos de acordo co proposto pero non queremos dar unha imaxe non real da sanidade pública española, que funciona ben, moi por encima da sanidade de moitos países europeos ou EEUU. Sempre hai carencias en momentos complicados como o actual pero debemos de confiar no sistema que temos.”

D Serxio Domínguez: “Coincido nalgúnhas cousas que di pero o BNG está en contacto con profesionais da zona e non están contentos, o material é escaso, traballan moitas horas, etc. O sistema sanitario exige esforzos económicos e Galicia está moi por debaixo doutras zonas de Europa .”

Sometida a moción a votación, o Pleno por unanimidade aproba a moción recollida a continuación:

### **Exposición de motivos:**

Esta pandemia ocasionada polo COVID-19 puxo ao límite o noso sistema sanitario. Puxo en evidencia o preciso que é investir en saúde e as repercusión dos 11 anos de recortes aos que someteu o PP ao sistema sanitario.

A COVID 19, puxo de relevo que precisamos un sistema sanitario público forte, cunha Atención Primaria reforzada como porta de entrada, sen recortes, que permita responder ás necesidades de saúde da poboación e na que o persoal sanitario conte con recursos para que as persoas doentes poidan recibir a atención que precisan en cada momento e estar





ben dimensionado para abordar as emerxencias sanitarias cando xurdan.

Diante da pandemia a Xunta tomou a decisión de reducir drasticamente a asistencia presencial, o peche de consultorios, algúns centros de saúde e PACs, restrinxir consultas, probas diagnósticas e intervencións cirúrxicas nos hospitais.

A decisión que tomou o Sergas foi que a atención se centraran preferentemente na consulta telefónica, isto está ocasionando moitas dificultadas tanto xs profesionais para poder prestar a asistencia sanitaria como no acceso da poboación á mesma.

Á situación de sobrecarga de traballo que padecían xs profesionais da Atención Primaria previa ao coronavirus fóronlle engadindo tarefas de diagnóstico, seguimento, illamento, identificación por coronavirus e funcións de rastrexo.

Unha sobrecarga da atención telefónica e da carga burocrática: teléfonos colapsados, o persoal administrativo, xsceladorxs ao límite, soportando unha presión tremenda, é imposible xestionar tanta chamada como a que se produce.

As consecuencias son desastrosas, escasísimos profesionais, que están ao límite, cun esgotamento físico e mental insoportábel, listas de espera de semanas, incluso para unha consulta telefónica, doentes crónicos descompensados (persoas hipertensas, diabéticas, con cardiopatías, problemas renais, controis de saúde de pediatría con moitas demoras) persoas facendo cola á intemperie para acceder aos centros.

As demoras para acceder ás prestacións hospitalarias (consultas, probas diagnósticas, intervencións cirúrxicas) que xa eran tremendamente altas, non fan máis que aumentar; seguen sen publicarse as listas de espera que tiñan que terse feito públicas no mes de xullo.

Esta situación está xerando que cada vez máis persoas estean acudindo á sanidade privada, diante da falta de resposta na sanidade pública, e desprotección da poboación con menos recursos.

A resposta á situación de pandemia non pode estar baseada en incrementar as restricións de acceso á asistencia ao sistema público, porque supón un claro risco para a saúde da poboación. Esta situación pode levarnos a un problema de saúde colectiva, de cronificación de patoloxías, de atención tardía...

É preciso desconfinar a sanidade pública e reactivar a atención presencial con máis persoal, máis información e máis accesibilidade,

É preciso dar resposta ás demandas de atención pola COVID 19, mais tamén ao resto das patoloxías

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Municipal do BNG traslada a seguinte proposta de acordo:

1.- Realizar de inmediato todas as accións precisas para activar a atención presencial en Atención Primaria para dar resposta ás demandas de atención pola COVID 19, mais tamén



ao resto das patoloxías e rematar coas listas de espera neste nivel asistencial, co persoal e as medidas de prevención de contaxios precisos, para garantir unha atención sanitaria digna á poboación. Establecer protocolos claros e unificados para a atención presencial de doentes para toda a Atención Primaria.

2.- Aumentar nos centros de saúde co número de profesionais que sexa preciso para permitir aumentar o tempo e a calidade da atención asistencial así como incorporar as categorías profesionais imprescindibles para formar equipos multidisciplinares e prestar unha atención integral: psicólogos clínicos, terapeutas ocupacionais, logopedas, podólogos...

3.- Aumentar os orzamentos destinados a Atención Primaria até chegar ao 25%, no inmediato 200 millóns de euros.

4.- Modificar o Decreto que regula as Areas e os Distritos Sanitarios para crear unha estrutura de xestión da Atención Primaria con capacidade de decisión, orzamentaria e de recursos humanos.

5.- Publicar de inmediato a situación das listas de espera hospitalarias e poñer en marcha un plan de choque para reducilas.

Preséntase seguidamente polo BNG Moción sobre Prolongación ao ano 2021 do día das Letras dedicado a Carvalho Calero.

Recoñece o Pleno por unanimidade a urxencia da moción que pasa a ser tratada, explicando o Sr Serxio Domínguez o seu contido.

O pleno, por unanimidade acordo aprobala, recolléndose a continuación:

## “EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A crise sanitaria provocada pola COVID-19 desde o pasado mes de marzo provocou a anulación ou o adiamento do calendario cultural galego.

Unha das efemérides culturais anuais de gran calado e recoñecemento social é a celebración do Día das Letras Galegas o 17 de maio, quer na súa vertente institucional celebrada o propio día, querna progresiva programación da actividade sociocultural vinculada á figura homenaxeada, ao longo de todo o ano e nos diferentes ámbitos entre os que sobrancea o ensino.

As medidas de confinamento, as fases de desescalada, a suspensión das aulas presenciais nos centros de ensino, así como as continuas medidas de distanciamento social e protocolos de prevención sanitaria que se viñeron aplicando e nos que aínda, con tantas incertezas perante as repuntas que estamos a vivir, continuamos, seguen a impedir conmemorar, como correspondería, a persoa homenaxeada no Día das Letras Galegas, Ricardo Carvalho Calero.

Esta imposibilidade vai alén do plano institucional e ten a ver, tamén, coa difusión da vida, obra e pensamento de Carvalho Calero a través dos centros de ensino, das librarías e bibliotecas públicas ou da importante actividade que o tecido social galego e o asociacionismo cultural de base realizan.



É por iso que o Bloque Nacionalista Galego se sumou no pasado mes de abril a todo un coro plural de voces que reclamaba prolongar a conmemoración de Ricardo Carvalho Calero ao ano 2021, porque resulta evidente que, mesmo agora xa camiño do último trimestre do ano e sen plenas garantías sanitarias, a crise provocada pola pandemia da COVID-19 fai imposíbel o desenvolvemento do Ano Carvalho Calero con normalidade.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Municipal do BNG traslada a seguinte proposta de acordo:

“ 1.O Pleno do Concello de Cee eacorda amosarse partidario da prolongación ao ano 2021 do Día das Letras dedicado a Carvalho Calero e insta a Xunta de Galiza a se dirixir formalmente á Academia Galega para así llo transmitir e solicitar formalmente.

2. O Pleno do Concello de Cee acorda dar traslado do presente acordo á Consellaría de Cultura, Educación e Universidade, aos distintos Grupos Parlamentares e á Academia galega”

Previo permiso da Presidente, sendo as 21.58h, abandona a sesión Dña Águeda Mª Díaz

Mejuto.

## **12.- Rogos e Preguntas:**

Intervén Dna Pilar Iglesias: “No pleno de 25 de setembro pregunteille á concelleira de SS.SS. sobre as subvencións a persoas con dificultades e quería saber o seu número e cuantía. O 26 de setembro unha nai me chamou e díxome que lxCee puxera en dúbida o traballo de impulso e que así llo transmitiran dende o Concello. Pido que a miña persoa e grupo non sexan difamados porque en ningún momento falei de Impulso, só preguntei o número de nenos que había e a cuantía.

Sendo as 22h, e previo permiso da Presidencia abandona a sesión D Serxio Domínguez.

A Concelleira de SS.SS. responde: “Non difamei a ninguén.”

Volve a intervir Dna Pilar Iglesias: “ Quero saber si a empresa de servicios e limpeza se lle pagou a factura de casi 10000 €.

A instancia da Alcaldesa, a Interventora manifesta que non hai factura desa empresa pendente de pago, que se lles devolveu no seu día unha e non a volveron a presentar.

Continúa Dna Pilar Iglesias: “Cos protocolo Covid, na Escola de música reducense as horas de clase, vai a repercutir isto nas cuantías mensuais de pago?”

A sra Alcaldesa responde: “Fixemos consulta e hoxe nos din que pode facerse clases cun 50% do aforo do local. Cambiaron de criterio, creo que poderemos ampliar e se non é así, estudiaremos o que di das cuantías.”

Volve a intervir Dna Pilar Iglesias: “Fala vostede de superávit e de dedicar a gastos sociais 100000€, pode decirme o groso dese diñeiro a que se adicou?”

A Alcaldesa contesta que na proposta do superávit indicábase a que iba cada cousa.

A Interventora explica que 50000€ era para axuda no fogar e 21700 para emerxencia social, e o resto para materiais útiles Covid.



Exp. 2020/G010/000017

Dna Pilar iglesias pregunta a continuación á concelleira de SS.SS. pola lista de espera de dependencia e si se van a dar máis horas.

A concelleira responde que os costes hora na licitación subiron, que son unhas 40 persoas en lista de espera e que “estamos no tope de horas adxudicadas. Se damos máis horas a maiores porque este ano temos diñeiro e ao mellor o que vén non.”

A Alcaldesa intervéñ: “Cando chegamos á alcaldía debíase máis de 100000 a Ax Fogar e a empresa ía marchar.”

Non existindo máis asuntos dos que tratar, pola presidencia levántase a sesión, sendo as 22.16 h.

Do tratado nela, Dou Fe.

A secretaria en acumulación, Rosa Ana García Fernández

O alcalde, Margarita Lamela Louzán